



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por decreto da Alcaldía, de data 11/11/2020, prestouse aprobación inicial aos padróns correspondentes ao 3º Trimestre 2020 das:

- a) Taxa polo subministro de auga.
- b) Taxa pola recollida de lixo.
- c) Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración.
- d) Canon da auga (Xunta de Galicia).

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dende o 12/09/2020 ata o 11/01/2021. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberan acudir as oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 12 de novembro de 2020.-O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2853

FOZ

Anuncio

SELECCIÓN DE PERSOAL

Por parte deste Concello vaise proceder á contratación laboral temporal dentro do PROGRAMA DEPUEMPREGO de unha praza de oficial 1ª pintor e unha praza de oficial 1ª albanel. Os contratos serán de duración determinada por un período de 4 meses e medio a xornada completa. Os contratos rematarán en todo caso como data límite o 30 de setembro de 2021.

Prazo de presentación de instancias: 5 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP.-

Requisitos do posto de traballo: recollidos nas Bases que rexon a convocatoria aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 16 de novembro de 2020, a disposición dos interesados no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello de Foz, en horario de 9.00 a 14.00 horas, e na páxina web do Concello de Foz (www.concellodefoz.es).-

Máis información: Teléfonos 982.14.00.27 e 982.14.02.51

Foz, 16 de novembro de 2020.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERIO.

R. 2854

FRIOL

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 13 de novembro de 2020, prestouse aprobación ao expediente de modificación de créditos número 11/2020, (cuarto de competencia do Pleno), para suplementos de crédito, dentro do vixente orzamento municipal, e por un importe de DOUSCENTOS TRINTA E CINCO MIL DOUSCENTOS OITENTA E OITO EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS DE EURO (235.288,30.-), con cargo ao Remanente líquido de Tesourería dispoñible do exercicio anterior na data de aprobación deste expediente.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao Alcalde-Presidente do Concello.

Friol, 16 de novembro de 2020.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2855

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de 26 de outubro do actual, prestouse aprobación ás bases da convocatoria en orde á selección de vixilante municipal do Concello, unha vez informadas pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. No anuncio decíase que as persoas aspirantes que desexasen tomar parte no proceso selectivo, deberían presentar á solicitude no prazo establecido, contado a partir do día seguinte ao da publicación de anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. As bases publicáronse no Boletín Oficial da Provincia núm. 252 de 3 de novembro.

En relación co devandito proceso selectivo, con posterioridade, á vista da complexidade do proceso selectivo, da sobrecarga de traballo das oficinas do concello, de que non se dispón de instalacións axeitadas para a realización das probas físicas, así como para que os participantes que concurran ao proceso selectivo poidan optar a un maior número de prazas no caso de unha convocatoria conxunta, estimouse conveniente estudar a posibilidade de que a convocatoria e o desenvolvemento do proceso selectivo se levase a cabo pola

administración da comunidade autónoma, segundo o recollido na normativa de aplicación, asinando para elo o oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade.

Segundo o disposto na lei 4/2007 de 20 de abril, de coordinación de policía locais, a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria de prazas vacantes, así como a formación e período de prácticas que así o acorden, mediante os oportunos convenios de colaboración. Os convenios asinaranse a través de consellería competente en materia de seguridade, e neles instrumentarase a encomenda de xestión do Concello na administración da CCAA de Galicia.

Á vista do exposto, o Pleno do Concello, en sesión celebrada o 13 de novembro do actual, por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) acordou:

-A ratificación da proposta da Alcaldía no senso de deixar sen efecto a convocatoria realizada, que foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia núm. 252 de 3 de novembro.

-Asinar convenio en orde á asunción pola administración xeral da CCAA de Galicia, segundo borrador enviado, no que se recolle a normativa de aplicación e as obrigas de ambas partes, para que pola administración xeral da CCAA de Galicia se asuma a convocatoria e desenvolvemento do proceso selectivo para a provisión da praza de funcionario de vixilante municipal do Concello de Friol.

-Facultar ao Sr. Alcalde, para que en nome e representación do Concello realice as xestións oportunas e asine a documentación necesaria, en orde á efectividade do presente acordo.

O acordo adoptado, poderá ser obxecto de impugnación de conformidade co establecido na lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como na lei 29/88 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos oportunos, e especialmente das persoas interesadas en concurrir ao proceso selectivo, que no seu momento será convocado pola administración da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Consellería competente en materia de seguridade.

Friol 13 de novembro de 2020.- O Alcalde.- José Ángel Santos Sánchez.

R. 2856

LUGO

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público través do presente anuncio, o contido do acordo da Xunta de Goberno Local 21/579, adoptado na sesión celebrada o 11-11-2020, a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas, **no prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A continuación insírese o contido da parte dispositiva do referido acordo 21/579 da Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Que á vista da aprobación do Plan estratéxico de subvencións para o período 2020-2022, así como a actualización do mesmo para a anualidade 2020, mediante Decreto número 2137/2020 de data 8/4/2020, se proceda á convocatoria para o exercicio 2020 de subvencións ás asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade na esfera de Participación cidadá (Área de Participación e Servizos para a Veciñanza) e para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial orientados á difusión e fomento do asociacionismo, voluntariado e participación cidadá na vida pública do concello, de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 45.500€ a que ascende o importe total das subvencións que se outorgarán por parte do Servizo de Participación e Atención cidadá con cargo á aplicación orzamentaria 92400.48900.

TERCEIRO.- Esta convocatoria rexerase polo establecido nas seguintes **BASES XERAIS REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS NA ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA, ÁS ASOCIACIÓNS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NA ESFERA DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O EXERCICIO 2020**

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

Estas bases teñen por obxecto a regulación da concesión de subvencións por parte do Concello de Lugo na Área de Participación e Servizos para a Veciñanza e vai dirixida ás asociacións e a entidades xurídico-privadas sen ánimo de lucro, con sede neste término municipal, que desenvolvan a súa actividade na esfera da Participación cidadá. Concretamente irá dirixida as seguintes liñas de actuación a realizar no exercicio 2020:

1. Proxectos de utilidade pública e interés social, orientados á difusión e fomento do asociacionismo, voluntariado e participación cidadá na vida pública do concello, comprendidas no seu ámbito competencial e que o veñan a complementar, tomando como referencia as seguintes liñas:

- Actividades e iniciativas que faciliten ou fomenten o asociacionismo e a implicación da cidadanía nos procesos de participación social.
- Eventos, xornadas e actividades de formación, difusión, concienciación e debate de temáticas de interés social, protección do medio ambiente, animais, saúde pública, no ámbito da participación social.
- Promoción de programas de integración de grupos vulnerables na vida social, que contribúan a facilitar a convivencia e que fomenten a responsabilidade social e a solidariedade.
- Actividades de recuperación da historia social da cidade, das súas xentes, dos seus logros, das tradicións locais, e de dinamización social dos barrios.

2. Gastos de mantemento, funcionamento e/ou equipamento necesarios para a realización das iniciativas a desenvolver dentro do programa presentado para a presente convocatoria.

3. Serán subvencionables as actuacións establecidas no artigo 9 baixo a epígrafe “gastos subvencionables”.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do orzamento, Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación.

Artigo 2. Entidades beneficiarias.Requisitos.

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no concello de Lugo, cunha antigüidade superior a UN ANO.
- b) As entidades beneficiarias segundo se trate de asociacións, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, Rexistro público de fundación ou calquera outro rexistro público.
- c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social
- d) Non estar incurso nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Ter xustificados debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.
- f) Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido da Participación cidadá.
- g) Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación de Participación cidadá realizada pola Área de Área de Participación e Servizos para a Veciñanza.
- h) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2020.
- i) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva.
- j) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

Artigo 3. Créditos orzamentarios e contía das subvencións

No orzamento municipal para o exercicio de 2020 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo a continuación se indica:

Servizo	Aplicación orzamentaria	Importe
Participación e Servizos para a Veciñanza	92400.48900	45.500,00€

Artigo 4. Forma e prazo de presentación de solicitudes

- As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse preferentemente na sede electrónica (www.lugo.gal) ou ben por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- A convocatoria para a concesión das subvencións previstas nas presentes bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE DIAS HÁBILES**, contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Asimesmo publicaranse as Bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e na páxina web do Concello de Lugo (www.concellodelugo.gal), debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo.

Artigo 5. Documentación para achegar coas solicitudes de subvención

- Solicitud, segundo o modelo do ANEXO I, no que se inclúa o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou actividade solicitada, e a autorización ao Concello para comprobar as diferentes administracións datos tributarios e outras informacións declaradas.
- Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante, así como documento acreditativo desta representación.
- Declaración responsable, segundo modelo que figura no ANEXO IV destas bases, acreditativa:
 1. Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención
 2. De que a actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.
 3. De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente, ou no seu caso (aquelas nas que a cuantía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros) incorporar ao expediente declaración xurada por parte da entidade beneficiaria, de atoparse ao corrente das súas obrigas de carácter tributario e de Seguridade Social, conforme o artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento de la Ley 38/2003, General de Subvenciones.
 4. De que a entidade non se encontra inhabilitada nen está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.
 5. De que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.
 6. De que a entidade lle ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2020.
- No caso de subvencións solicitadas para o desenvolvemento de proxecto, , actividade ou programa, segundo o disposto no artigo 1.1, deberán presentar unha memoria explicativa, cunha relación de gastos e ingresos, obxectivos, interese xeral, etc. segundo o ANEXO II, que poderá vir acompañado do proxecto que se estime máis conveniente co fin de acadar unha mellor avaliación.
- No caso de subvencións solicitadas para financiar gastos de mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestruturas da asociación ou entidade, segundo o disposto no artigo 1.2, deberase xuntar unha memoria (ANEXO III), na que se indicará o equipamento do local, réxime de posesión ou uso, descrición do gasto e xustificación da súa necesidade.
- Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante.
- Certificación da secretaría da entidade, na que conste a existencia ou departamento de muller e igualdade, se fose o caso.
- Acordos ou actas da entidade acreditativas do funcionamento das vogalías ou departamentos específicos de muller.
- Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.

Artigo 6. Procedemento de tramitación e resolución das subvencións

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

As solicitudes de subvencións que se formulen de acordo con estas bases, unha vez anotadas no Rexistro xeral de entrada, seranlles remitidas á Sección de Participación e Mercados.

- O procedemento instruírse no Servizo de Participación e Atención cidadá, Sección de Participación e Mercados, polo técnico ou técnica competente de dito servizo, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

- O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, segundo o establecido na base 24 das Bases de execución do presuposto municipal, así como o Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo

- Comisión avaliadora:

Composición:

- Presidenta: Xefa de Servizo de Participación e Atención Cidadá.
- Vogal: un traballador/a da Sección de Participación Cidadá e Mercados.
- Secretaría: Xefa de Sección de Participación cidadá e Mercados
- Excepcionalmente, o posto de secretaria/o e vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

Funcións: Emitir o ditame no que concrete o resultado da avaliación efectuada; á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instrutor do procedemento.

- Órgano instrutor: funcións:

- Requirirlle á entidade solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcrito o prazo non atende ao requirido.

- Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.

- Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de valoración de cada un dos expedientes.

- O órgano instrutor, en función da puntuación obtida por cada expediente, formulará a proposta de resolución que será aprobada pola Xunta de Goberno Local.

- Prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento. Este será de SEIS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

- Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

- A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

- As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo total da actividade. O 10 % do gasto proposto e orzamentado no proxecto presentado deberá ser financiado exclusivamente pola asociación ou entidade. No caso de que exista sobrefinanciamento, a/o beneficiaria/o deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

Artigo 7. Publicidade das subvencións concedidas

Procederá á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no artigo 8 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e o contemplado no Título II da lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 8. Criterios de valoración e contía da subvención

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

Criterio de valoración	Puntuación
Local social exclusivo para uso da entidade (aluguer ou propiedade)	0-1
Realización de actividades de autofinanciación da entidade	0-1
Número de actividades realizadas no ano anterior, demostrable través de dípticos, reportaxes, etc. De 1 a 3..... 1 punto Máis de 4.....2 puntos	0-2
Presentación do <u>Proxecto/memoria de actividades</u> a subvencionar: Identificación dos obxectivos da/s actividade/s e dos resultados que se espera obter..... 1 punto. Coherencia das actividades cos fins da entidade..... 1 punto. Adecuación do proxecto ás liñas de actividade prioritarias definidas no art.1..... 1 punto Carácter innovador do proxecto 1 punto	0-4
Actividades con proxección hacia a utilización das novas tecnoloxía.....1 punto	0-1
Realización dentro das actividades desenvoltas no programa anual de accións específicas para promover a igualdade entre homes e mulleres.	0-1
Participación nas actividades formativas da Vogalia da Muller impartidas polo Concello de Lugo.	0-2
Participación da entidade en actividades culturais ou sociais promovidas desde o Concello.	0-2
Realización no programa anual de actividades, eventos ou charlas con proxección externa da cidade, a súa cultura e tradicións.	0-1
Número puntos máximo	15

A valoración de cada un dos criterios deberá ir precedida da xustificación documental do seu cumprimento.

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario achar o valor punto. Para elo, de acordo co artigo 22.1 da LXS prorratearase o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas.

Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 90% do custo total da acción para a que se solicita subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 10% restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas nacionais ou estranxeiras.

Artigo 9. Gastos subvencionables

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación, e en todo caso dentro do ano 2020, e concretamente serán subvencionables:

a) Gastos de desprazamentos imprescindibles para o desenvolvemento da actividade a realizar e comprende os relativos a transporte e locomoción (xustificables con facturas de combustible que identifiquen o vehículo titularidade da entidade ou do socio a quen se lle faga a encomenda Estes gastos non poderán superar o 10% do proxecto.

b) Gastos de persoal: Inclúe as minutas de conferenciantes, monitores e outros profesionais de cursos ou o necesario para o desenvolvemento da actividade. Non se aboará o IVE. Non poderá superar o 30% do proxecto.

c) Gastos Publicidade e imprenta, fotocopias, consumibles de oficina e de outra índole, de material non inventariable, necesarios para a realización da actividade. Non poderá superar o 20% do proxecto.

d) Gastos funcionamento e mantemento do local social: os gastos de pequena reparación e/ou mantemento e subministrados (luz, gas, auga) do local que constituía a sede social da entidade, que sexa do seu uso exclusivo, sempre e cando sexan precisos para o desenvolvemento da actividade a subvencionar. Máximo 30% do custo do proxecto.

1. Non serán subvencionables:

- Os gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.

- Os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.
- Os gastos de degustación gastronómica de calquera tipo. En todo caso terá esta consideración a organización de comidas, *catering* ou ceas.

Artigo 10. Xustificación do gasto e pagamento da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades beneficiarias deberán presentar a través dos a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento:

a) **Memoria explicativa o máis detallada posible da realización da totalidade da acción subvencionada (imprescindible relación de gastos e ingresos)**, segundo os modelos que figuran nestas bases como o ANEXO V para actividades e o ANEXO VI para mantemento. Nesta farase unha expresa mención dos resultados obtidos, e conterá unha relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento.

Deberase acompañar, se é o caso, de exemplar de cada un dos **folletos, carteis, libros, notas de prensa, vídeos, CD-ROM, etc., que se editasen ou publicasen en relación coa dita actividade.**

O Concello de Lugo poderá requirir da/o beneficiaria/o a remisión dos xustificantes de gasto que se indiquen na dita relación.

No caso de que se xustifique a través de gastos de **desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficiario da subvención.** Ademais no caso de combustible deberá presentarse documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola Asociación ou entidade beneficiaria e a aplicación íntegra ou parcial do gasto á actividade ou programa concreto subvencionado, entendendo como tal aquel que en ningún caso supere o importe de 300,00 €.

b) No caso de que entre o orzamento presentado no seu día e que foi obxecto de avaliación para a concesión da subvención e o realmente executado existan diferenzas, deberase achegar un informe explicativo destas, segundo os modelos que figuran nestas bases como ANEXO V para actividades e ANEXO VI para mantemento.

c) **Facturas** e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.d 1619/212, do 30 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda, coa acreditación **do pago mediante transferencia con xustificación da entidade bancaria cando se trate de gastos iguais o superiores a 2.500,00 €.**

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores das mesmas. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

d) Declaración responsable; segundo o modelo que figura no ANEXO VII destas bases, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.
- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.
- Que esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.
- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:
 - Non foron nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
 - Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
 - Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.
- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

- Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondentes ao pasado exercicio económico, así como todas as variacións que se produciron na súa xunta directiva (este suposto só para as asociacións).

e) Certificación acreditativa de atoparse ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Admón Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente (En canto ás obrigas tributarias fronte ao Concello de Lugo, realizaráse de oficio trala autorización segundo o Anexo I

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, enmende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no caso de que non cumpra o dito requirimento, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso de aprobación da autorización e disposición de gasto e a esixencia de reintegro, de ser o caso.

Artigo 11. Contía para xustificar

A entidade beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida mais o 10 % do custo total do proxecto presentado e orzamentado no seu día, enténdese que a esixencia de xustificación de gastos relativo ó 10%, refírese ó 10% do orzamento da actividade presentadas con independencia do gasto efectivo total devengado, por canto ten incidencia na valoración da actividade. As entidades beneficiarias deben presentar no momento da xustificación unha relación totalizada de gastos e ingresos da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanzamento da mesma.

Artigo 12. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias

Serán obrigas das asociacións ou entidades beneficiarias das axudas as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións e ademais:

- A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc., deberán figurar en idioma galego.
- Non modificar a programación das actividades que se subvencionen sen coñecemento e autorización expresa e previa do Concello.
- Facer constar na publicidade, difusión, publicacións, etc., que se xeren que as actividades están subvencionadas polo Concello de Lugo. Para estes efectos engadirase o logotipo do Concello de Lugo en carteis, dípticos, folletos...
- Comunicarlle ao Concello a realización da actividade para o coñecemento e, se é o caso, participación de responsables municipais.
- Comunicarlle ao Concello de Lugo o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondente ao ano2020.

Artigo 13. Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do 15 de xaneiro de 2021. Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

- a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación; pero que ésta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráse e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.
- b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

O pagamento da subvencións realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

Artigo 14. Réxime de infraccións e sancións

- 1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.
- 2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionárase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.
- 3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

